


A gaiteira de Lindín



Á beira dun río de pouco caudal, pero augas cristalinas, había un lugar tan fermoso, tan fermoso que cando lle puxeron nome chamárono Lindín.

En Lindín non vivía moita xente, pero todas as persoas que habitaban aquel lugar eran moi felices. Foran por onde foran: rúas, camiños ou congostras. Cando se cruzaban, sempre se saudaban e botaban un parrafeo fosen mozos, nenos, vellos ou de calquera idade. Se alguén necesitaba algo, nunca lle faltaba persoa da veciñanza que lle botara unha man. Traballar, traballaban e moito; pero se tocaba festa, fose o Santiago ou o San Xoán, non había quen quedase sen bailar. Ata o señor Balbino, que adoito andaba agarrado ao seu caxato, nas foliadas non perdía compás.

Igual que acontecía noutros moitos lugares, en Lindín gardaban a colleita nos hórreos, que alí chamaban cabozos, para que cando chegaran o inverno e as neves houbera comida de abondo tanto para a xente coma para os animais.



O día da Candeloria, a señora Asunción pediulle ao seu neto Roi que fose ao cabozo buscar unhas espigas para moer e facer bolos de millo e roscas de San Brais. Cando o rebuldeiro Roiciño volveu cun cesto colgado do brazo, Asunción botou as mans á cabeza e dixo:

— Pero filliño! Que traes aí?


Foi tan grande o susto que Asunción lle meteu no corpo ao pequeno Roi que as espigas caeron ao chan e delas empezaron a bulir uns bechos voadores entre pardos e grises que axiña cambiaron a cor da cociña.

— Ramón, Ramón! -berrou Asunción- acude, axiña...

Os berros de Asunción eran tan fortes que o Ramón, que estaba na corte servindo o gando, tirou a colmeira e liscou cara a cociña pensando que algo moi grave tiña pasado. E errado non estaba.

— Pero pola alma do Bolito! Que é isto? -preguntou Ramón nada máis poñer o pé na cociña-. Estamos acabados! Que vai ser de nós?





Ramón, Roi e Asunción correron para o cabozo e viron que os víveres que alí gardaban estaban a ser devorados por unha praga de avelaiñas. Axiña chegou María, a nai de Roi, que estaba a varrer na eira. Coa vasoira que levaba na man, empezou a bater ao tolo, facendo que os bechos comezaran a voar no interior do hórreo e a saír polas regañas da edificación.

A Asunción foi alertar ás casas veciñas e, ao pouco, o pobo enteiro estaba no toural despois de teren comprobado que nos seus hórreos pasara o mesmo que no da casa de Asunción.

- Hai que queimalo todo! -propuxo o Manuel- pasaremos fame uns meses, pero acabaremos coa peste.**
- O mellor sería meter todo o gran no forno e deixalo cocer -apuntou Xoana.**

Despois de escoitar varias propostas, a mestra Andrea pediulle ao acibecheiro que fose ao seu obradoiro pola lupa. Xesús non dubidou e axiña cumpriu o mandado. Andrea, que no tempo no que o Xesús fora ao seu obradoiro pola lente se dedicara a cazar algún exemplar daqueles bechos, púxose a examinalo termando do insecto entre os dedos furabolos e polgar da man esquerda. Mirou e remirou chiscando o ollo que non enfocaba na lupa e dixo:

- ”Nemapogon granela”, unha lepidóptera que acaba con todo alimento que pille por diante.**
- 
- 
- 
- 



Mentres Priscila, a pedánea trataba de poñer orde no medio daquel balbordo. As pícaras e os pícaros foron xuntándose no adro e comezaron cos seus xogos e aventuras. Tareixiña, a neta de Evaristo o gaiteiro, levaba no bolso o punteiro co que practica tódolos seráns na compañía do seu avó. Sentou no paso da porta da igrexa e comezou a sacar melodías do seu instrumento. A sorpresa foi que canto máis tocaba Tareixiña, máis avelaiñas acudían a escoitala. Tanto foi así que chegou o momento no que a fachada enteira do templo estaba cuberta daqueles bechos devoradores. Foi o Roi o primeiro en decatarse de tal acontecemento.

— Mirade, mirade...! -comentou Roi á picaraxada.



A Tareixa, ao escoitar ao Roi, deixou de tocar e os insectos comezaron a dispersarse novamente na procura de alimento no que rillar.

— Volve a tocar Tareixiña, pregoulle Pilar, unha nena das máis aplicadas da escola.

O fenómeno volveuse dar! -dixeron a coro os máis novos.

— Non pares de tocar, Tareixiña -dixo David.





Mentres algunhas nenas e algúns nenos quedaron a acompañar a Tareixa, Pilar e Roi foron avisar do acontecido ás xentes do lugar, que seguían na procura dunha solución no toural.

Explicaron o acontecido, pero cando foron velo, Tareixa xa non tiña folgos para seguir tocando e as avelaiñas marcharan.


Volveron facer a proba e, por terceira vez, funcionou.



Evaristo foi á casa pola gaita, deulla a Tareixa e subiron ao campanario, pensaron que estando no alto a música chegaría a máis sitios e máis avelaiñas virían. E así foi.

Así, como que non quere a cousa, ou dito doutro xeito: por serendipia atoparon o xeito de xuntar os bechos devoradores nun mesmo lugar.

E agora que lles facemos? -estaban todos a preguntar.



Crearon un comité de crise que estivo barallando diferentes ideas toda a noite. Comentáronse moitas posibilidades: xuntar todos os bechos e queimalos, levalos cara o mar... Logo de moito debater, trazaron un plan: levar as avelaiñas guiadas pola música a un lugar, daquela abandonado, onde tempo atrás os que alí vivían cavaban o monte para sementar trigo. Os que coñecen a zona saben que agora hai trigo silvestre que podería servir de alimento para as avelaiñas; dese xeito non as terían que exterminar, pero evitarían que lles comesen os seus víveres. Preparárono todo para que ao amencer se puidese iniciar a operación.

Coa alborada a xente comezou a xuntarse no adro da igrexa. Tareixiña subiu ao campanario coa gaita ben afinada e empezou a tocar. Ao pouco principiaron a chegar os bechos, que se foron acomodando nos muros e cubertas do templo. Xa estaba todo preparado para iniciar a marcha cando Roi deu a voz de alarma:

— Aínda non é o momento! Quedan moitas avelaiñas polos cabozos.

Agardaron un pouco máis e dispuxeron de varias persoas para que fosen ata as casas máis afastadas a comprobar que xa non quedaban bechos devoradores. E haber había. A operación tiña éxito, pero non total.



Foi a mestra Andrea a que propuxo cantar a coro unha canción coa melodía que estaba a tocar Tareixiña, así que se puxeron a pensar na letra, aprendérona e comezaron a cantar todas e todos xuntos, colocados arredor da igrexa.

Aquelo foi impresionante! Empezaron a chegar máis e máis avelaiñas voando desde os catro puntos cardinais. Comprobaron que non quedaba ningunha en todo Lindín e iniciaron o camiño cara a Folgueirosa. Agora si a operación foi un éxito!

Para conmemorar aquel feito de logro colectivo, cada ano polo San Brais facían festa e tocaban, cantaban e bailaban. Ah, e a proposta da mestra, cada veciña e cada veciño plantaba unha árbore autóctona.



Canción



***Imos cantar esta melodía,
pra xuntar ben as avelaiñas.***

***Imos andar cara a Folgueirosa.
Canta xunto a min coa gaiteira de Lindín.***

***Toca a gaita TAREI-XÁ,
as avelaiñas cara aquí acudirán.***

***Toca a gaita sen parar,
Para a Folgueirosa,
estos bechos marcharán.***

